

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DÍA 17 DE XUÑO DO 2023

No salón de Plenos do Concello de Fene sendo as 12.00 horas do día 17 de xuño de 2023, reúnense, previa convocatoria, a totalidade do/as concelleiro/as electo/as (17), proclamados pola Xunta Electoral de Zona, asistidos pola secretaria da corporación, Estefanía Manteiga Lamas, que dá fe do acto, coa finalidade de proceder á constitución da nova corporación e á elección do alcalde do Concello de Fene, estando presente a interventora Eva María Casal Sanjurjo.

Pola secretaría intervénse para saudar aos presentes e informar sobre o obxecto da sesión e a normativa aplicable, resumindo ao efecto o disposto polos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, o artigo 40 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 1 do RD 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

De seguido procede a secretaría a dar conta, segundo a acta de proclamación de concelleiros electos, remitida pola Xunta Electoral de Zona de 4 de xuño, do número de votos obtidos por cada una das candidaturas presentadas nas eleccións na circunscrición electoral de Fene son BNG: 2.399 votos, PP: 1959 votos, PSdG-PSOE: 1073 votos e EU: 451 votos, sinalando que a lista máis votada foi a encabezada por Juventino José Trigo Rey.

Segundo a dita acta resultaron proclamado/as concelleiro/as electo/as o/as seguintes candidatos/as:

Polo Partido Popular (PP): Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Paineiras, Alejandro Dopico Rodríguez e Noemí Carballo Cabo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE): Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín e Eloy Rico López

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG.): Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Morono, Justo Martínez Ardá, María de los Ángeles Coira López e Adán Chao Pardo.

Por Esquerda Unida (EU): María del Carmen Martínez Rodríguez

Prosegue a secretaría dicindo que logo de ver a documentación acreditativa da personalidade, presentada polos concelleiros/as electos/as, ao concelleiro electo de maior idade resulta ser Joaquín Julián Ayala Garrido e a de menor idade, Tamara Miragaya López, as cales integrarán a Mesa de idade, actuando como secretaria da mesma a do Pleno.

Procédese pola secretaría a preguntar, tal e como esixe o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, empregando a fórmula que establece o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, a e Tamara Miragaya López se xuran ou prometen pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro e concelleira do Concello de Fene con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado? Respostando o Sr. Ayala "Si, prometo" e a Sra. Miragaya "Si,xuro".

Constituída a Mesa de idade, o Presidente da mesma saúda aos concelleiros electos e ao público asistente a esta sesión pública e declara aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Fene e a elección da súa Alcaldía.

A indicación do Presidente da Mesa, a secretaria informa que o/as concelleiro/as electo/as presentes, que figuran na acta de proclamación da Xunta electoral de zona remitida a este Concello, entregaron con anterioridade á sesión, na Secretaría Xeral, as respectivas credenciais de concelleiro/as electo/as, e que tamén teñen presentadas as declaracións de bens patrimoniais e participación en sociedades e causas de posible incompatibilidade e relación de actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, tal e como esixe o artigo 75 da lei 7/1985 de 2 de abril, as cales foron inscritas nos correspondentes libros rexistros custodiados na Secretaría Xeral.

Á vista do que antecede, a Presidencia da Mesa, declara constituída a Corporación e acto seguido procédese á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución aos/ás demais concelleiro/as electo/as, coa mesma forma anteriormente utilizada cos membros da Mesa de idade, respondendo cada un/ha dele/as o que segue:

María José Ares Sanmartín: Si, prometo

Rocío A. Bértoa Puente: Si, juro

Noemí Carballo Cabo: Si, xuro

Adán Chao Pardo: Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos e os intereses xerais da veciñanza de Fene e do pobo galego.

M^a de los Ángeles Coira López: Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos da veciñanza de Fene e do pobo galego.

Alejandro Dopico Rodríguez: Si, juro

Gumersindo Pedro Galego Feal: Si, prometo

Cristina García Moroño: Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Fene e do pobo galego.

Justo Martínez Ardá: Si prometo, por imperativo legal.

María del Carmen Martínez Rodríguez: Si, prometo

Alejandra Permuy Meizoso: Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Fene e do pobo galego.

Manuel Polo Gundín: Si prometo, por imperativo legal, comprométome a defender os intereses dos veciños e veciñas de Fene e do pobo galego.

Eloy Rico López: Si, prometo

José Andrés Serantes Painceiras: Si, juro

Juventino José Trigo Rey: Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Fene e do pobo galego.

A Mesa de Idade declara validamente posesionados aos/ás concelleiro/as da nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o día 28 de maio do 2023.

De seguido a vogal Tamara Miragaya López pregunta aos catro concelleiro/as que encabezan as listas das catro candidaturas que obtiveron representación (Gumersindo Pedro Galego Feal, Juventino José Trigo Rey, Joaquín Julián Ayala Garrido e María del Carmen Martínez Rodríguez) se presentan a súa

candidatura para a elección de alcalde/esa do Concello de Fene, presentando candidatura Gumersindo Pedro Galego Feal, Joaquín Julián Ayala Garrido e Juventino José Trigo Rey e rexeitando a candidata de EU.

Procédese á votación ordinaria preguntándose aos/ás concelleiro/as quen vota a favor de cada unha das candidaturas, por orde de maior a menor votos obtidos da lista que encabezan nas eleccións municipais, á Alcaldía, resultando o que segue:

Juventino José Trigo Rey: 8 votos a favor (Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Manuel Polo Gundín, Cristina García Moroño, Justo Martínez Ardá, María de los Angeles Coira López, Adán Chao Pardo e María del Carmen Martínez Rodríguez.

Gumersindo Pedro Galego Feal: 6 votos a favor (Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Dopico Rodríguez, Noemí Carballo Cabo

Joaquín Julián Ayala Garrido: 3 votos a favor (Joaquín Julián Ayala Garrido, María José Ares Sanmartín, Eloy Rico López

A Mesa de idade, logo de ver o resultado da votación na que ningunha das candidaturas obtén maioría absoluta, declara alcalde electo ao concelleiro que encabeza a lista máis votada Juventino José Trigo Rey.

Proclamado alcalde electo, o presidente da Mesa de Idade, procede tal e como esixe o artigo 108 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, empregando a fórmula que establece o artigo 1 do Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, a preguntarlle o alcalde electo se xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de Fene con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, respondendo Juventino José Trigo Rey "Si prometo, por imperativo legal, e comprométome a defender os dereitos e intereses xerais da veciñanza de Fene e do pobo galego.", quedando posesionado do cargo alcalde do Concello de Fene, e asumindo a Presidencia da sesión substituindo aos membros da Mesa.

A continuación intervén o alcalde, Juventino José Trigo Rey, que agradece a súa elección como alcalde de Fene no día de hoxe, dando paso aos representantes de cada grupo político, para a súa intervención.

En último lugar, pide a palabra a secretaria municipal para poñer en coñecemento dos concelleiros que teñen á súa disposición a documentación relativa ao inventario municipal e dar conta do importe ao que ascende o arqueo do patrimonio:

- ✓ Existencias en valores: 657.844,38 €
- ✓ Metálico en contas bancarias: 2.493.953,61 €

Concluída a súa intervención o señor alcalde-presidente do Concello de Fene, levanta a sesión sendo as 12.20 h do día indicado no encabezamento, do que eu secretaria dou fe e estendo a presente acta.

As intervencións dos membros da Corporación desta acta recóllense fidedignamente no arquivo dixital que contén o vídeo e audio desta sesión e que ten a seguinte pegada dixital (SHA512):

e1181e7101a1202cd2c512dd91485c01f8cecc565370316649133bce9819bd1a
43493a2a29e3ab28f7c235faf0e7b7f17d79196559de56cd7f27c446b94c7731

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

O alcalde

Estefanía Manteiga Lamas